



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



Convocatoria do XXV Concurso de Contos de Cerdido “Manuel Otero Pazos”

Co gallo da celebración do día do libro, o vindeiro día 23 de abril de 2025 e motivado na necesidade de fomentar a lectura entre tódolos veciños e recuperar as lendas e contos do concello, potenciando a creatividade e a capacidade narrativa da xente, o Concello de Cerdido convoca o XXV Concurso de Contos de Cerdido.

Este certame que leva xa XXIV edicións a partir do ano 2024 tomou o nome dun antigo mestre e director do colexio CEIP da Barqueira, xa falecido, e pasará a denominarse: “Concurso de Contos de Cerdido: Manuel Otero Pazos”, en homenaxe a este profesor que marcou a vida de moitos alumnos e alumnas que pasaron polas súas aulas e que modificou para sempre a historia desta pequena escola do rural, adicándolle gran parte da súa carreira profesional durante a súa longa traxectoria.

BASES:

Primeira. Poderán participar no concurso tódalas persoas interesadas, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten contos, lendas ou historias que narren sobre o concello de Cerdido. As obras poderán estar escritas en castelán ou en galego e ser lendas reais ou historias ficticias creadas polas persoas participantes. Os contos ou historias terán que ser obras inéditas e non premiadas con anterioridade noutra edición anterior deste concurso.

Segunda. Haberá dúas modalidades de premio:

A.- Categoría infantil. Poderán participar tódolos nenos e nenas de ata 14 anos matriculados e cursando estudos no CEIP da Barqueira na data da convocatoria do concurso. Esta categoría subdividirase segundo as idades dos e das participantes e os premios serán os que se especifican a continuación.

Sub-categoría	Premios	Valor do premio
Infantil	1º premio conxunto	Vale conxunto de 40 € para material escolar para o curso de Infantil
1º e 2º curso de primaria	1º premio	Vale de 40 € para material escolar
	2º premio	Vale de 30 € para material escolar
	3º premio	Vale de 20 € para material escolar
3º e 4º curso de primaria	1º premio	Vale de 40 € para material escolar
	2º premio	Vale de 30 € para material escolar
	3º premio	Vale de 20 € para material escolar
5º e 6º curso de primaria	1º premio	Vale de 40 € para material escolar
	2º premio	Vale de 30 € para material escolar
	3º premio	Vale de 20 € para material escolar



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



B.- Categoría adulta. Poderá participar calquera persoa maior de 14 anos empadroada en Cerdido e/ou ex-alumno/a do CEIP da Barqueira. O premio consistirá nun lote de libros.

Terceira. As obras serán de extensión libre ata un máximo de catro folios en tamaño DIN A4, a unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. As obras presentaranse baixo un título e acompañaranse dun sobre pechado no que constará o título da obra, nome e apelidos do autor, domicilio, idade, número de teléfono ou enderezo electrónico de contacto e para a categoría infantil o curso escolar no que está matriculado neste curso 2024/25.

Cuarta. O prazo de recepción das obras rematará o día 11 de abril de 2025 e deberán remitirse ao Concello de Cerdido nun sobre pechado por correo postal ao enderezo: Felgasas, s/n, 15569, A Barqueira, Cerdido, ou de xeito presencial nas oficinas municipais, indicando en calquera das modalidades “XXV Concurso de contos do Concello de Cerdido: Manuel Otero Pazos”.

Quinta. O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello e formaran parte del dúas persoas máis, actuando unha delas coma secretaria. O xurado poderá declarar deserto algún premio no caso de que os traballos presentados non sexan da categoría suficiente como para conceder un premio.